

BOLSAS DE COLABORACIÓN CURSO 2014-2015

Estimado Director:

O Ministerio de Educación ven de asignar á USC **78** Bolsas de Colaboración para o curso 2014-2015, destinadas a iniciar nas tarefas de investigación ao alumnado do último curso do grao ou segundo ciclo ou primeiro curso de Máster que preste a súa colaboración nun Departamento, en réxime de compatibilidade cos seus estudos.

Para asignar as ditas prazas a USC abre un prazo para que os **Departamentos** comuniquen o seu interese en recibir bolseiros da antedita convocatoria e o número de bolsas que solicitan. Esta petición debe ser enviada por correo electrónico á dirección csocial@usc.es, **cumprimentando o seguinte formulario:** http://imaisd.usc.es/ftp/oit/documentos/1467_gl.doc, que deberá ser asinado en enviado en formato pdf antes das 14 horas do día 7 de xullo.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Presentación de Solicitudes: O prazo de presentación de solicitudes rematará ás **14 horas do día 7 de xullo de 2014.**

CRITERIOS DE DISTRIBUCIÓN

Os criterios de distribución das bolsas serán:

Elaboración da listaxe base

Farase unha listaxe ordenada dos departamentos que prime a súa produtividade atendendo á fórmula: *Media das teses lidas polo departamentos no últimos tres anos multiplicado por cen e o resultado dividilo polo número de profesores doutores a tempo completo que teñen os mesmos.*

Asignación de bolsas:

1.-Asignar unha bolsa a cada un dos Departamentos que previamente o soliciten (no caso de que houbera menos bolsas que departamentos solicitantes, remataría a listaxe no último departamento que coincida co número de bolsas asignadas á USC polo Ministerio).



VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN
E INNOVACIÓN
Oficina de Investigación e Tecnoloxía

Edificio CACTUS – Campus universitario sur
15782 Santiago de Compostela
Tel. 981 547 040 - Fax 981 547 077
Correo electrónico: cittinfo@usc.es
<http://imaisd.usc.es>

2.-De seguido continuaríase coa asignación cunha segunda e sucesivas voltas ata completar o número de bolsas asignadas polo Ministerio.

3.-Os Departamentos con funcións docentes e investigadoras nos Campus de Santiago de Compostela e de Lugo reflicte a realidade bicampus de xeito que a segunda bolsa que soliciten sexa para o campus de Lugo (condición aprobada polo Pleno do Consello Social do 22 de maio de 2014).

A Vicerreitoría de Investigación e Innovación quere agradecer a súa colaboración neste proceso.

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2014
A Vicerreitoría de Investigación e Innovación